

b) Aplicadores-enterradores de esterco e lodos e fertilizadoras de distribución electrónica.

c) Separadores de esterco sólido/líquido.

d) Inxectores e implementos de distribución específicos.

e) Remolques distribuidores de esterco.

1.3. Plan de fomento do emprego de maquinaria e equipamentos que representen unha innovación tecnolóxica.

a) Maquinaria para sementeira, plantación e recoleita de pataca e outros produtos hortofrutícolas.

b) Maquinaria para a aplicación de produtos fitosanitarios: herbicidas, sulfatadoras, atomizadores, equipos móbiles para control e calibrado dos aplicadores.

2. Maquinaria agroforestal de limpeza e mantemento da superficie cultivable e áreas de produción potencial ou risco de incidencias por lume forestal e calquera outro equipamento que se precise para as prácticas culturais e silvícolas propias deste sector:

a) Rozadoras de brazo desprazable de alta capacidade.

b) Asteladoras e equipos de limpeza de matorral e monte baixo.

c) Plantadoras, *rippers* e rozadoras de cadeas.

d) Equipamentos individuais de roza, silvicultura e protección.

3. Construcións e/ou adquisición de instalacións de almacenamento e distribución de combustible para uso agrario.

4. Construción e /ou adquisición de instalacións para o lavado e mantemento de maquinaria e apeiros.

5. Instalacións fixas e equipamentos para silos destinados ao almacenamento de fertilizantes a granel.

6. Construción e/ou adquisición de instalación de balsas ou fosas de xurro en réxime asociativo.

7. Instalacións e/ou equipamento de sistemas mecánicos homologados en viñado en pendente superior ao 15%.

8. Construción e/ou adquisición de instalacións para almacenamento de forraxes ensiladas.

9. Gastos en programas informáticos específicos de xestión de parques de maquinaria.

10. Gastos vinculados aos investimentos anteriores en estudos técnico-económicos de viabilidade, honorarios de proxectos, dirección e certificación final de obra.

Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación e o fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia, e se convocan para o ano 2009.

Os recursos zootenéticos están a desaparecer rapidamente en todo o mundo, polo que a FAO recomenda unha estratexia para a xestión, conservación e desenvolvemento dos mesmos. De feito, en setembro de 2007, 109 delegados de estados membros da FAO adoptaron un Plan Mundial de Acción para os Recursos Zootenéticos. Trátase do primeiro acordo internacional dirixido a frear a perda da diversidade biolóxica do gando e apoiar o uso sostentable, desenvolvemento e conservación dos recursos xenéticos animais.

Este tipo de esforzos, a nivel internacional, destinados a promover unha xestión axeitada dos recursos xenéticos animais, dános unha idea da importancia que supón a conservación dos nosos recursos xenéticos para acadar a seguridade alimentaria e o desenvolvemento sostible a nivel mundial.

As razas autóctonas galegas supoñen un recurso xenético fundamental que é necesario conservar. Ademais, a gandaría baseada nas nosas razas autóctonas foi tradicionalmente, e segue a ser, unha produción de riqueza incalculable desde diversos puntos de vista, tanto económicos como sociais e ambientais. O mantemento desta riqueza gandeira é imprescindible para a conservación dos ecosistemas naturais que, doutro xeito, se estragarían irremediabilmente.

Os instrumentos agroambientais son necesarios para apoiar o desenvolvemento sustentable, o mantemento da biodiversidade nas áreas rurais e para responder á cada vez maior demanda da sociedade de servizos ambientais. Tamén se trata dunha ferramenta moi útil para a fixación da poboación no medio rural mellorando as súas condicións de vida, incrementando a calidade, a competitividade e o valor engadido dos produtos.

Por todo isto considérase de grande interese establecer medidas de apoio a conservación e fomento dos recursos xenéticos gandeiros da nosa comunidade.

A Unión Europea publicou con data do 21-10-2005 o Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), complementado polo Regulamento (CE) 1974/2006, do 15 de decembro de 2006, que o desenvolve. Neles establécense as normas que regulan as axudas comunitarias ao desenvolvemento rural financiadas polo Feader, aplicables a Galicia como rexión incluída no obxectivo de converxencia para o período 2007-2013. En particular, estes regulamentos establecen a posibilidade de apoiar os investimentos na conservación dos recursos xenéticos na agricultura (Regulamento CE nº 1698/2005, artigo 39.5º) a través da medida 214.2.

Estes regulamentos permiten tamén que os programas de desenvolvemento rural poidan incluír axudas estatais destinadas a achegar financiamento suplementario, e que deben axustarse á normativa sobre axudas de estado.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

DISPOÑO:

Disposicións xerais

Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a concesión das axudas da Consellería do Medio Rural para a conservación e o fomento dos recursos zooloxénicos autóctonos de Galicia e convocadas para o ano 2009.

SECCIÓN PRIMEIRA BASES REGULADORAS

Artigo 2º.-*Finalidade.*

Esta axuda, tramitada en réxime de concorrencia competitiva con rateo, ten os seguintes fins como obxecto:

- a) A preservación, conservación e utilización dos recursos xenéticos animais tanto *in situ* como *ex situ*.
- b) O fomento e a inclusión de producións agropecuarias autóctonas en sistemas de produción de calidade compatibles co ambiente.
- c) A mellora, conservación e utilización dos recursos xenéticos animais de Galicia sobre o noso territorio.
- d) O incremento dos ingresos no medio rural, mediante o desenvolvemento e establecemento de produtos agrarios cun maior valor engadido.
- e) O establecemento de incentivos para o mantemento da poboación no medio rural.
- f) Satisfacer a crecente demanda social de conservación ambiental.

Artigo 3º.-*Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

1. Conservación *in situ*: conservación do material xenético nos ecosistemas e hábitats naturais e o mantemento e recuperación da poboación de especies e razas silvestres viábeis no seu contorno natural, e no caso das razas animais de explotación ou de especies

vexetais cultivadas, no ambiente cultivado no que se desenvolveron as súas propiedades distintivas.

2. Conservación *in situ* na explotación agraria: conservación e desenvolvemento na explotación.

3. Conservación *ex situ*: conservación do material xenético para a agricultura fóra do seu hábitat natural.

4. Colección *ex situ*: colección de material xenético para a agricultura conservado fóra do seu hábitat natural.

5. UGM: unidade gandeira maior, equivalente a un bovino adulto (táboa de conversións no anexo III).

Artigo 4º.-*Beneficiarios e requisitos.*

1. Poderán acollerse ás axudas a que se refire esta orde as organizacións ou asociacións de criadores de razas gandeiras autóctonas de Galicia.

2. Estas asociacións deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- a) Que estean oficialmente recoñecidas pola autoridade competente en materia de gandería como xestores dos seus respectivos libros xenealóxicos, ou como colaboradores na recuperación da raza.
- b) Garantir, mediante os seus estatutos, a participación democrática dos seus membros.
- c) Dispor de medios técnicos e de persoal axeitados para a realización das actividades subvencionadas.
- d) Ter aprobadas, por acordo da súa Xunta Directiva, as actuacións subvencionables polas que se solicita a axuda.
- e) Ter o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 5º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Sen prexuízo das obrigas que con carácter xeral establece o artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as agrupacións deberán cumprir:

1. Coas obrigas de información e publicidade para actuacións cofinanciadas con fondos Feader recollidas no Regulamento 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro.
2. Garantir que no caso de desenvolver actuacións *in situ* nas explotacións de criadores e gandeiros, membros de cada agrupación beneficiaria, estes cumpran nas mesmas coas normas mínimas en materia sanitaria, de identificación, alimentación, medio natural, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica.

Artigo 6º.-*Actuacións subvencionables.*

1. Serán subvencionables os gastos derivados das actuacións seguintes:

- a) A caracterización e avaliación dos recursos xenéticos animais autóctonos de Galicia, utilizados

ou potencialmente útiles para a alimentación e a agricultura.

b) Promover a difusión e o intercambio de recursos xenéticos co obxecto de aumentar a utilización de razas infrautilizadas útiles no fomento dunha produción agrícola sustentable.

c) As actuacións orientadas á recolección e conservación destes recursos tanto *in situ* como *ex situ*.

d) A súa preservación e utilización.

e) O deseño, elaboración e desenvolvemento *in situ* de programas de cría.

f) Organización de seminarios e actividades informativas e divulgativas en que participen organismos interesados, tanto públicos como privados.

g) Os cursos de formación e sistemas de mobilidade para especialistas.

h) A promoción da utilización dos recursos polo mercado.

i) Actividades informativas, divulgativas e de asesoramento; así como a elaboración de informes técnicos.

2. Non serán subvencionables os gastos derivados das actividades que poidan acollerse ao programa marco de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e actividades de demostración da Comunidade Europea.

Artigo 7º.-*Contías de axuda.*

1. En función do tipo de raza de gando, de acordo coa clasificación establecida polo Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España e as súas modificacións posteriores, as entidades solicitantes poderán percibir os seguintes importes máximos:

a) Para as organizacións ou asociacións de criadores de razas autóctonas de fomento, da especie bovina: 990.000 euros.

b) Para as organizacións ou asociacións de criadores de razas autóctonas de protección especial:

1º Da especie bovina: 796.866,93 euros.

2º Da especie ovina: 93.668,64 euros.

3º Da especie equina: 54.000 euros.

4º Da especie porcina: 135.017,42 euros.

5º Da especie aviar: 33.305,01 euros.

2. No caso de haber máis dunha solicitude para unha mesma especie, o rateo realizarase en función do número de UGM sobre os que desenvolve o programa a entidade solicitante.

3. A axuda máxima estará limitada sobre os gastos subvencionables, nas porcentaxes indicadas a continuación:

a) Asistencias técnicas para o desenvolvemento do programa: 80%.

b) Asistencias técnicas para informe auditor de contas: 80%.

c) Infraestrutura de multiplicación: 80%.

d) Conservación de infraestruturas: 50%.

e) Elaboración de páxinas web: 50%.

f) Material de conservación: 80%.

g) Material de envasado: 60%.

h) *Hardware* e *software*: 80%.

i) Recollida de material: 80%.

j) Organización de seminarios e actividades informativas e divulgativas: 80%.

k) Promoción da utilización dos resultados polo mercado: 80%.

l) Preparación de informes técnicos: 80%.

m) Cursos de formación e sistema de mobilidade para especialistas: 80%.

Artigo 8º.-*Prazo e forma das solicitudes.*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión da axuda presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria, mediante o modelo xunto no anexo I, debidamente cubertas e asinadas polo solicitante ou representante.

2. Presentaranse nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural ou nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

3. Á solicitude xuntaráselle a documentación que a seguir se relaciona:

a) Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante.

b) Copia cotexada dos estatutos da asociación que permita verificar que carece de ánimo de lucro e que se garante a participación democrática dos seus membros.

c) Acreditación da representatividade do solicitante.

d) Fotocopia cotexada do número ou código de identificación fiscal.

e) Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto, segundo o modelo establecido no anexo II desta orde.

g) Memoria do programa de actuación que se pretende desenvolver, obxectivos, orzamento pormenorizado e prazo de execución. Esta memoria deberá describir:

1º A sistemática de traballo para seguir na execución das actuacións ou actividades a desenvolver.

2º As funcións do persoal cunha contratación susceptible de ser financiada.

3º Os censos en UGM de animais e os censos e identificación das explotacións sobre os que se desenvolve o programa, de ser o caso. Terase en conta para o seu cálculo a táboa de correspondencias do anexo III.

4º Un estudo sobre o impacto ambiental das actuacións que se prevé realizar.

h) Avaliación económica dos gastos que se van realizar.

i) Acreditación de que se dispoñen dos medios técnicos e de persoal adecuados para a realización das actividades subvencionadas.

j) Acreditación do acordo da xunta directiva de aprobación da realización das actuacións obxecto de subvención.

k) Acreditación ou certificación da acta de reunión da Xunta Directiva, pola que se acorda a existencia, a todos os socios ou integrantes, do cumprimento das normas mínimas en materia sanitaria, identificación, alimentación, medio natural, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria, nacional e autonómica.

Artigo 9º.-Autorizacións.

A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado implicará a autorización á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 10º.-Tramitación e resolución.

1. O órgano competente para a tramitación e instrución do procedemento é a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. As solicitudes serán resoltas polo conselleiro do Medio Rural, por proposta do director xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

2. Unha vez presentada a solicitude revisarase a súa documentación e no suposto de que non cumpra algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o/a interesado/a para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fixese, considerase que desiste da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos establecidos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración.

3. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes, así como de propoñer a concesión ou denegación da axuda aos/ás interesados/as.

A comisión de valoración estará formada por: presidente, o subdirector/a xeral de Gandarfa; vogal, o/a xefe de Servizo de Planificación Gandeira; e secretario, o/a xefe de Servizo de Producións Gandeiras. A comisión de valoración presentará o informe coa valoración das solicitudes para que a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria formule a proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

4. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debida-

mente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona, así como a axuda concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

A resolución de concesión da axuda notificarase, nun prazo de nove meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo os interesados poderán entender desestimadas as peticións de axuda.

Artigo 11º.-Recursos contra a resolución da concesión.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro desta orde ou na respectiva orde de convocatoria poñen fin á vía administrativa e contra elas os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, se esta for expresa; ou ben potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecidos nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992.

Artigo 12º.-Circunstancias para a modificación da concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Calquera modificación dos investimentos aprobados que supoña un cambio de localización, obxectivos, conceptos, prazo de execución ou variación do orzamento, así como calquera condición específica sinalada na resolución de concesión, requirirá a autorización desta consellería, unha vez presentada a correspondente solicitude xustificativa.

Artigo 13º.-Xustificacións por parte do beneficiario.

1. As xustificacións técnicas e económicas da realización do programa deberán presentarse antes do 15 de novembro, no rexistro da consellería, das súas delegacións provinciais ou nas oficinas agrarias comarcais.

2. Transcorrido o prazo sen que o/a beneficiario/a presentase a documentación solicitada poderase entender que perde o dereito ao pago de acordo co artigo 31.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Para efectuar o pagamento da axuda concedida é necesario que os beneficiarios/as presenten a os

xustificantes orixinais de gasto total, transferencia bancaria, unha relación informatizada destes e unha memoria explicativa sobre a súa realización do programa auxiliado, que probe a entrega efectiva dos produtos ou a prestación efectiva dos servizos. Para cada concepto, presentarase unha táboa comparativa entre os gastos realizados, debidamente xustificadas, e os presentados no orzamento inicial.

A relación informatizada debe constar dos seguintes campos:

a) No caso das facturas: concepto, provedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE.

b) No caso das nóminas: traballador, período, total devengado, base da Seguridade Social, contía da Seguridade Social correspondente á empresa, contía da Seguridade Social correspondente ao traballador e líquido a percibir.

4. Esta xustificación debera ir acompañada dun informe de auditor de contas inscrito como exerciente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para cuxo efecto o auditor levará a cabo a revisión da conta xustificativa verificando tanto que os gastos se xustificaron mediante as correspondentes facturas, como os pagamentos mediante transferencia bancaria, dentro do período subvencionable (antes do 15 de novembro), e cuxo obxecto se corresponde cos conceptos subvencionables en cada liña, con suxeición ás normas de actuación e supervisión que, se é o caso, propoña a Intervención Xeral da Xunta de Galicia.

5. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención (Lei 9/2007, de subvencións - artigo 29: gastos subvencionables, punto 2), mediante transferencia bancaria, de xeito que aqueles gastos presentados en que non se xustifique o seu pagamento terán que xustificarse mediante comprobante do ingreso ou da transferencia, para que a axuda se poida pagar.

6. De acordo co artigo 28, número 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

7. De acordo co artigo 29, número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofer-

tas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a presentación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

8. Conforme o disposto no artigo 18 do Regulamento 1857/2006 sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado e das axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas, no que se establecen as condicións previas á concesión de axudas, non poderán subvencionarse actividades levadas a cabo con anterioridade á aceptación expresa e vinculante para a autoridade competente da solicitude da axuda presentada.

Artigo 14º.-Compatibilidade e incompatibilidade con outras axudas.

1. As axudas previstas na presente orde son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que se cumpran os límites establecidos na normativa aplicable e que, en ningún caso, se supere o límite establecido no artigo 7.3, contías das axudas.

2. En ningún caso o importe da axuda poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo/a beneficiario/a ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecido.

3. De acordo co artigo 70.6º do Regulamento (CE) nº 1698/2005, estas axudas non serán cofinanciadas mediante a contribución dos Fondos Estruturais, o Fondo de Cohesión ou calquera outro instrumento comunitario.

Artigo 15º.-Pagamentos.

1. Recibida a documentación xustificativa da axuda, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán solicitar as aclaracións ou informes que consideren oportunos.

2. Unha vez concedida a axuda, poderase proceder á realización de pagamentos fraccionados, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, segundo se determina no artigo anterior.

3. De acordo co disposto nos artigos 16 e 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, estes pagamentos parciais estarán suxeitos á existencia de garantías e, o importe non poderá exceder en ningún caso o 80% do total de subvención concedida.

Artigo 16º.-Obriga de reintegro da axuda.

1. O interesado/a ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida xunto cos xuros de demora xerados desde o seu pagamento nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos casos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para facer efectiva a devolución á que se refire o número anterior tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Comprobación da execución dos programas.

1. A comprobación da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, realizando inspeccións do 100% dos beneficiarios, co fin de contrastar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como a realización das actividades subvencionadas.

En todo caso, respectarase o recollido no Regulamento (CE) 1975/2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación cas medidas de axuda á desenvolvemento rural.

2. Tipos de incumprimentos e modificación da axuda:

* Cando non se realizase o 25% do programa aprobado, e suporá unha perda do 50% da axuda.

* Cando non se realizase o 50% do programa aprobado, e suporá unha perda do 75% da axuda.

* Cando non se realizase do 50% a o 100% do programa aprobado, suporá unha perda do 100% da axuda.

3. Tamén facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 18º.-*Infraccións e sancións.*

Aos/ás beneficiarios/as das axudas reguladas nestas bases seranlles de aplicación do réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 19º.-*Rexistros públicos de subvencións e de sancións.*

As axudas concedidas ao abeiro da presente orde figurarán nun rexistro con expresión das persoas físicas ou xurídicas beneficiarias, as cantidades concedidas, a normativa que amparou a concesión e a súa finalidade.

Tamén figurarán no rexistro público as sancións administrativas firmes impostas pola Xunta de Galicia en materia de axudas e subvencións, con expresión das persoas físicas ou xurídicas afectadas, a normativa infrinxida e o importe da sanción.

Estes rexistros serán de acceso público e veñen regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Artigo 20º.-*Publicidade.*

1. Publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das axudas concedidas con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se lle imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade ou finalidades das axudas.

2. Igualmente farase a publicación na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

SECCIÓN SEGUNDA
CONVOCATORIA 2009

Artigo 21º.-*Solicitude e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes das axudas deberán ser formalizadas, segundo o modelo normalizado que se inclúe no anexo I desta orde, debidamente cuberta e asinada polo solicitante ou representante. A solicitude irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 8 das bases reguladoras desta orde.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderáse que o prazo expira o último do mes.

Artigo 22º.-*Financiamento.*

1. As axudas que deriven da aplicación da presente orde financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos proxectos de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

Fondos cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader): aplicación 11.03.713-C.781.4 dotada para esta finalidade cun importe máximo de 2.102.858 euros.

De acordo co artigo 5 da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, a validez da presente orde estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2009, así como á subsistencia das circunstancias de feito e de dereito existentes no momento de ditarse esta.

2. Así mesmo, os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto no Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no Regulamento 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación do anterior; no Regulamento 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro, polo que se establecen, así mesmo, disposicións no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar as normas necesarias para o mellor cumprimento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DEL MEDIO RURAL

ANEXO I



PROCEDEMENTO AXUDAS DE PARA A CONSERVACIÓN E O FOMENTO DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR541A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
			FAX

E. na súa representación:

APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
			FAX

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICIANTE.
- COPIA COTEXADA DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE SOLICITANTE
- ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE.
- FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.
- CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA NA QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO II .
- MEMORIA DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN QUE SE PRETENDE DESENVOLVER, OBXECTIVOS, ORZAMENTO PORMENORIZADO E PRAZO DE EXECUCIÓN.
- AVALIACIÓN ECONÓMICA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VÁN REALIZAR.
- ACREDITACIÓN DE DISPOÑER DOS MEDIOS TÉCNICOS E DE PERSOAL AXEITADOS Á REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES OBXECTO DE SUBVENCIÓN
- ACREDITACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DIRECTIVA DE APROBACIÓN DA REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE SUBVENCIÓN.
- ACREDITACIÓN OU CERTIFICACIÓN DA ACTA DE REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA, POLA QUE SE ACORDA A EXIXENCIA, A TODOS OS SOCIOS OU INTEGRANTES, DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS MÍNIMAS EN MATERIA SANITARIA, IDENTIFICACIÓN, ALIMENTACIÓN, MEDIO NATURAL, HIXIENE E BENESTAR DOS ANIMAIS, DE CONFORMIDADE COA NORMATIVA COMUNITARIA, NACIONAL E AUTONÓMICA.

O/A abaixo firmante , en representación da entidade solicitante, declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e dos compromisos que asume cada membro da agrupación na execución do programa aprobado pola consellería e elaborado pola asociación de gandeiros da raza considerada. E, polo tanto, solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 30 de decembro de 2008, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas para a conservación e o fomento dos recursos zooloxénéticos autóctonos de Galicia.

EXPÓN:
Que autoriza a Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza á Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación e o fomento dos recursos zooloxénéticos autóctonos de Galicia, e se convocan para o ano 2009.</i>
SINATURA DO REPRESENTANTE _____, de _____ de 2009

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

	DATA DE ENTRADA
	___/___/___
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___

Conselleiro de Medio Rural

ANEXO II

DECLARACIÓN DE AXUDAS

D./Dña , en nome propio ou en representación da entidade con DNI ou CIF da entidade e enderezo en

DECLARO:

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financen o proxecto.
- Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financen o proxecto, a saber:

E, para que así conste, para os efectos oportunos, asino a presente declaración:

, de de 200

Asdo.:

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS DE PARA A CONSERVACIÓN E O FOMENTO DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DE GALICIA	MR541A	SOLICITUDE

TÁBOA DE CONVERSIÓN EN UGM (Unidades de Gando Maior)

* GANDO BOVINO:

- * Vacúns machos e femias de máis de 24 meses: 1 UGM.
- * Vacúns machos e femias de entre 6 e 24 meses: 0,6 UGM.
- * Vacúns machos e femias ata 6 meses: 1 UGM.

* GANDO OVINO:

- * Ovinos: 0,15 UGM.

* GANDO CABRÚN:

- * Cabrúns: 0,15 UGM.

* GANDO PORCINO:

- * Porca en ciclo pechado, incluíndo as súas crías ata fin de ceba: 1 UGM.
- * Porca con leitóns (de 0 a 6 Kg.) ata o destete: 0,25 UGM.
- * Porca con leitóns ata 20 Kg.: 0,30 UGM.
- * Porca con reposición: 0,14 UGM.
- * Leitóns de 6 a 20 Kg.: 0,02 UGM.
- * Leitóns de 20 a 50 Kg.: 0,10 UGM.
- * Porco de 50 a 150 Kg.: 0,16 UGM.
- * Verrón.: 0,30 UGM.

* GANDO EQUINO:

- * Équidos maiores de 6 meses: 1 UGM.
- * Équidos menores de 6 meses: 0,2 UGM.

* EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS DE CARNE:

- * Galiña (Polo) maior de 28 días.: 0,005 UGM.
- * Oca maior de 61 días.: 0,01 UGM.
- * Pavo maior de 35 días.: 0,01 UGM.
- * Parrulo maior de 33 días.: 0,005 UGM.

* EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS DE POSTA:

- * Galiña reprodutora.: 0,01 UGM.